

Extracto da convocatoria de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “Arteixo Seguro 2023-2024”.

Obxecto.- Convocar as axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “Arteixo Seguro 2023-2024”.

Beneficiarios/as.- As persoas empregadoras e as empresas, calquera que sexa a forma xurídica que adopten, incluídas as persoas autónomas (traballadores/as autónomos/as), as sociedades civís e as comunidades de bens, aínda que carezan de personalidade xurídica que cumpran os requisitos establecidos nas bases xerais.

Bases reguladoras.- A convocatoria realízase ao abeiro das bases reguladoras de axudas a través de incentivos á contratación temporal por conta allea do alumnado traballador do obradoiro dual de emprego “Arteixo Seguro 2023-2024”, aprobadas en sesión plenaria ordinaria o día 28 de novembro de 2024.

Contía.- O importe da contía orzamentaria ascende á cantidade de 30.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 241.47001 e ao proxecto 2023/3/23M53/1

Criterios de valoración.- As bases reguladoras conteñen o procedemento de concesión, instrución e tramitación aplicables.

Prazo de presentación.- O prazo de presentación de solicitudes será dun mes desde a publicación do extracto da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña (BOP).

Prazo de xustificación.- O prazo de xustificación será dun mes desde o remate da contratación subvencionada por parte da entidade ou empresa beneficiaria.